



Todas as actividades comezan ás 15:30 e rematan ás 17:00 h.

Haberá servizo de comedor e transporte para o alumnado inscrito. As actividades terán lugar sempre que exista un número mínimo de inscritos. Pecharemos as inscricións en canto se cubran os grupos, así que non vos demoredes.

As baixas serán comunicadas por escrito na secretaría do centro ou por e-mail ao seguinte enderezo:
info@colexiomartincodax.com

**Actividades
extraescolares
2017-18**

*Colexio
Martin Codax*

Do 2 de outubro de 2017 ao 31 de maio de 2018

TECNOLOXÍA EDUCATIVA E ROBÓTICA

Queres coñecer e traballar con diferentes robots, crear os teus propios videoxogos e apps, programar con Scratch e Arduino, deseñar e imprimir en 3D, coñecer o mundo dos drons...?

Grupo 1 (mércores): de 3º a 6º de primaria.

Grupo 2 (xoves): de 1º a 4º de ESO.

Prezo: 28 € (inclúe todo o material)

JUDO

Actividade impartida polo Club FAMU, representado na figura do adestrador nacional e cinto negro 4º dan, Marcial Romero Azpiarte.

Nesta arte marcial combínanse o deporte, a formación e a defensa persoal. Mellorar a formación humana, a confianza nun mesmo, vencer a timidez e canalizar a agresividade son tamén obxectivos desta actividade. O alumnado participante terá licenza federativa (custo anual da mesma: 23€)

Mércores: 2º e 3º de Ed. Infantil e 1º de Ed. Primaria.

Xoves: 5º e 6º de primaria e toda a secundaria.

Venres: 2º, 3º e 4º de Ed. Primaria.

Prezo: 24€

MÚSICA TRADICIONAL

Un xeito divertido de iniciarse no mundo da música tradicional galega. Teñas ou non teñas gaita, non importa, fala con Rafa.

Luns. A partir de 2º de Ed. Primaria.

Prezo: 22€

FÚTBOL

Gústache o fútbol?

Queres xogar dominando a súa técnica e as súas regras? Esta é a ocasión!

Luns e venres. A partir de 2º de Ed. Primaria.

Prezo: 22€

ORATORIA

A arte do discurso e da persuasión: un achegamento ás técnicas que permitirán un maior dominio das estratexias de comunicación pública.

Xoves. 3º e 4º de ESO.

Prezo: 22€.

OBRADOIRO DE MANUALIDADES

Julie será a encargada desta actividade, onde traballaremos con la, follas e flores secas, faranse monicreques, xoguets de papel maché, pintarase sobre tea, e moitas cousas máis. E todo isto mellorando un pouco o noso inglés.

Luns. Ed. Infantil e 1º e 2º de Ed. Primaria.

Prezo: 24€

TEATRO

Queres escribir, dirixir ou actuar en obras de teatro?

Queres ser un parrulo, ou un cisne, unha bruxa ou un ogro, o lobo ou carapuchiña?

Queres voar, patinar, tropezar, saltar, danzar, tremer, rir, patear, soñar, esvarar, chorar, conducir, navegar ou rapear?

Apúntate a teatro!

Divertirémonos!

Luns: 1º, 2º e 3º de Ed. Primaria.

Martes: de 4º de primaria a 4º de ESO.

Prezo: 22€

BALONCESTO

Se queredes chegar a xogar ao baloncesto tan ben coma os maiores, esta é a vosa actividade.

De 4º de Ed. Primaria a 4º de ESO.

Venres. A partir de 2º de Ed. Primaria.

Prezo: 22€

PATINAXE

Queredes ser artistas sobre rodas?

Nesta actividade seremos capaces de xirar, bailar, saltar...

Esta é a vosa oportunidade!

Xoves. A partir de 1º de Ed. Primaria.

Prezo: 22€

OBRADOIRO DE COCIÑA

Hoxe cociñamos nós! Aprenderemos o fácil e divertido que é facer os pratos máis saborosos.

Nova cociña, pratos de toda a vida, consellos e todas as preguntas que se vos ocorran.

Imos divertirnos cociñando!

Xoves: 1º a 4º de primaria.

Venres: 5º de primaria a 4º de ESO.

Prezo: 24€

RÍTMICA

Nesta actividade aprenderás os fundamentos deste deporte. Fomentarás o desenvolvemento corporal e creativo, traballando a coordinación e a flexibilidade, o ritmo e a integración dentro do grupo.

Os grupos serán dun máximo de 20 persoas.

Luns: 5º e 6º de primaria e ESO

Mércores: 1º a 4º de Ed. Primaria.

Prezo: 22€

XADREZ

Oe! Tes uns minutos? Neste tempo demostraremosche que o xadrez é fácil de aprender, ensinándoches as regras básicas, como se orixinou, o lugar da batalla, as forzas combatentes, movementos e capturas, defensa e ataque, xogadas especiais, celadas... Todo ata o xaque mate. Impartido polos mestres do Xadrez Galego.

Martes. A partir de 2º de Ed. Primaria

Prezo: 22€
